# RELEMBROS

Texto do poema de Herminia Fariña "Relembro do Hirmán Emigrante"
do libro "Vida e obra dunha poetisa de Meaño" (página 146)
(Bossa Nova)

Guión melódico

Música: RAFAEL DOVALO



# RELEMBROS

Relembros do hirmán emigtante.

② ¡Cuciña dos meus amores,
fartura do chan galego,
quente e leda no invernío
com'un berce no sosego!

Dend'estas terras lonxanas
a onde cheguei de neno,
anque feliz antr'a loita,
¡non sabes canto che lembro!

E cando ôs meus fillos falo
do xantar d'aqueles tempos,
por Noite-Boa e por Páscoa,
pol'o antroido frebeireño,
¡aínda de bágoas meus ollos
móllanse pol'o relembro!
*¡aínda de bágoas meus ollos*
*móllanse, pol'o relembro!*

Relembros do hirmán emigtante.

④ Os meus irmans rechoutando,
i-aquel meu abô tolleito,
i-o meu pai barbudo e forte,
i-o meu can, fel compañeiro.

A todos vos vexo ben,
cal si fora n'un espello,
lonxe… moi lonxe do mar,
mais do meu corazón perto

Anque xa non volva a tí,
fogar santo e cariñento,
namentras haixa en min vida,
¡xúroche que non ch'esquenzo!
*namentras haixa en min vida,*
*¡xúroche que non ch'esquenzo!*

*¡xúroche, que non ch'esquenzo!*
*(ch'e-squen-zo)*